

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12627 *Lei orgánica 8/2011, do 21 de xullo, complementaria da Lei do Rexistro Civil, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei do Rexistro Civil introduce importantes novidades na configuración desta institución en que se inscribe e se dá publicidade aos aspectos esenciais do estado civil das persoas. Entre estes cambios destaca a desxudicialización da tarefa rexistral.

Esta nova forma de xestión do Rexistro Civil exige un axuste da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que ata agora atribuíra, no seu artigo 2.2, aos xulgados e tribunais as funcións de rexistro civil, atribución que en determinados aspectos era desenvolvida nos artigos 86 e 100 da dita lei. Esta lei revisa esas previsións para axustalas ao novo Rexistro Civil.

Así mesmo, débese ter en conta que neste modelo os encargados do Rexistro Civil pasan a ser tanto funcionarios de carreira do subgrupo A1 que teñan a licenciatura en dereito ou titulación universitaria que a substitúa como secretarios xudiciais. Por isto, é necesario engadir un novo parágrafo no artigo 445.1 da citada lei orgánica que recolla a posibilidade de que os secretarios xudiciais sexan designados encargados do Rexistro Civil e, en tal caso, pasen á situación administrativa de servizos especiais.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícanse os artigos 2, número 2, 100, número 1, e 445, número 1, derrógase o artigo 86 e suprímese un inciso da letra A) do número 3 do artigo 521 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Un. O número 2 do artigo 2 queda redactado como segue:

«2. Os xulgados e tribunais non exercerán máis funcións que as sinaladas no parágrafo anterior e as demais que expresamente lles sexan atribuídas por lei en garantía de calquera dereito.»

Dous. Derrógase o artigo 86.

Tres. O número 1 do artigo 100 terá a seguinte redacción:

«1. Os xulgados de paz coñecerán, na orde civil, da substanciación en primeira instancia, resolución e execución dos procesos que a lei determine, e cumprarán tamén as demais funcións que a lei lles atribúa.»

Catro. Engádese un novo parágrafo no número 1 do artigo 445, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, poderán estar na situación de servizos especiais os secretarios xudiciais que sexan designados encargados do Rexistro Civil conforme o disposto na Lei do Rexistro Civil e nas súas normas de desenvolvemento.»

Cinco. Suprímese na letra A) do número 3 do artigo 521 o inciso seguinte:

«O Rexistro Civil Central e os rexistros civís únicos de cada localidade, onde os houbese.»

Disposición derradeira primeira. *Competencia estatal.*

Esta lei orgánica dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación procesual.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos tres anos da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO